



CONCELLARÍA DE CULTURA E MOCIDADE
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

II Concurso de minicontos “Samaín 2021” BASES

PRIMEIRA. Participantes

Poderán participar nenos/as e mozos/as do Concello de Xinzo de Limia.

Establécense dúas categorías:

- Infantil: ata 11 anos
- Xuvenil: 12+ anos

SEGUNDA. Temática

Os contos serán de **medo ou terror**, relacionados coa tradición celta do Samaín. Deberán ser orixinais e estar escritos en galego, cunha extensión máxima de unha (1) páxina tamaño A4 (entre 30-50 liñas aproximadamente).

TERCEIRA. Presentación dos traballos e prazo

Os relatos deberán ser enviados ao enderezo de correo electrónico da Concellaría de Cultura: cultura@xinzo.gal. No mail incluírase o título do conto e os datos do autor ou autora: Nome e apelidos, idade, centro de ensinanza, curso e teléfono ou mail de contacto.

Tamén se poderán entregar manuscritos ou impresos en papel nos centros educativos ou na Casa da Cultura, neste caso deberán ir acompañados dun sobre pechado no que se recollan todos os datos indicados anteriormente.

O prazo de presentación rematará o **30 de outubro de 2021 ás 24:00h**

Quedarán excluídos os traballos recibidos fóra de prazo ou aqueles que non cumpran as condicións ou non veñan acompañados dos datos solicitados.

CUARTA. Xurado do concurso

O xurado estará composto por persoeiros relacionados co mundo das letras e polos directores/as dos centros educativos CEIP's e IES do concello de Xinzo ou persoa que eles/elas designen.

Como secretario, sen voto, actuará o Concelleiro de Cultura que levantará acta da decisión do xurado. As decisións adoptaranse por maioría simple e o fallo definitivo será inapelábel sometido ás presentes bases. A resolución comunicárase na web do Concello (www.xinzodelimia.gal) e directamente aos/ás premiados/as.

QUINTA. Premios

Establécense tres premios para cada unha das categorías, que consistirán en:

- Primeiro premio: Vale de compra de 150 euros nas librarías de Xinzo.
- Segundo premio: Vale de compra de 100 euros nas librarías de Xinzo.
- Terceiro premio: Vale de compra de 50 euros nas librarías de Xinzo.

Cada premiado/a recibirá ademais un diploma e un agasallo orixinal de Limisi.

SEXTA. Publicación dos traballos, difusión e publicidade

Anunciaranse na web e redes sociais do Concello todos os traballos premiados, así como os nomes dos/as autores/as, que dan o seu consentimento para a publicación e ceden todos os dereitos de reprodución por calquera medio, distribución en calquera formato e comunicación pública a través de sistemas telemáticos e dixitais.

SÉTIMA. Aceptación das bases

A presentación dun traballo ao concurso implica necesariamente a aceptación previa, íntegra e incondicional destas bases por parte dos/as participantes.

Calquera circunstancia non prevista nas bases será resolta polos propios membros do xurado.

Estas BASES poden consultarse na web do Concello: www.xinzodelimia.gal